

ORDENANZA FISCAL N.º 12 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL CON MERCADORÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, REFUGALLOS, VALOS E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS

Artigo 1.º Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta taxa as ocupacións seguintes:

- a) Valos, guindastres, elevadores, estadas e outras instalacións semellantes, colocadas na vía pública para a protección ou o servizo das obras lindeiras.
- b) Puntais, armazóns de esteo e toda clase de apeos de edificios.
- c) Ocupación con mercadorías, materiais de construción, cascallos ou outros elementos similares cuxo destino non sexa permanecer no devandito lugar.

Artigo 2.º Suxeitos pasivos

Se o aproveitamento se realizase sen obter licenza, considerarase que ten a condición de suxeito pasivo o titular da empresa que execute as obras ou o dono destas, se for coñecido

Artigo 3.º Base imponible e cota tributaria

A base e a cota tributaria determinaranse de acordo coa seguinte tarifa:

1. Por calquera das ocupacións que constitúen o feito imponible	
1.1. Por m ² ou fracción ao día (senón se superasen os 30 días)	0,79 €
1.2. Por metro cadrado ou fracción por mes	16,59 €
2. Tarifa mínima	40,05 €

Artigo 4.º Devindicación

A taxa devindicarase na súa totalidade no momento de solicitarse a licenza ou iniciarse o aproveitamento, aínda cando non se obtivese a correspondente licenza.

Artigo 5.º Bonificacións

Bonificación del 60% da cota tributaria no caso de actuacións no casco histórico..

Disposición final

A presente Ordenanza, foi aprobada con data de vinte de decembro de 2001 e comezará a rexer con efectos do día 1 de xaneiro de 2002 e producirá efectos en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

